



POEMAS

GALICIA O MEU REFERENTE

Galicia, es o meu referente,
Galicia, sentinte desde o berce
por iso non te afastarei da mente
aínda que o castelán me espeten.
Quérote Galicia, e como boa nai que
es,
loitarei, loitarei, para que te res-
pecten.
A túa bandeira azul e branca
alí onde vaia, ondearei.
E as bágoas que esvaran polas
fazulas
cando de rabia se amosen
porque alguén de Ti se mofe,
coa túa bandeira, enxugarei.
Mais, non son quen de deter as
bágoas
cando Ti me acolles,
cando Ti me falas.
De emoción me enches,
non teño palabras...
Respóstache o meu corazón
abrente,
Que, es Ti, Galicia,
Ti, o meu referente.

EDI C. C.



ÁRBORE

Na primavera, cando todo brota,
amósa-los teus gromos
adornando o teu perfil
exuberante!
Ti, que nos protexes, no verán,
do calor sofocante ...
Ti, que donas referente, sen falar,
a calquera camiñante ...
Despregando harmonicamente
o abano das túas pólas,
acolles, sen dubidar,
ata ás aves migratorias!
Bicando o ceo,
cos teus saloucos máis altos,
os niños acubillas ...
E, na lonxevidade
es o reflexo da hospitalidade!
Ti, Árbore!
símbolo da vida e da realidade,
quixéramos hoxe multiplicarte!
e, aínda máis ...
Con esta plantación, perpetuarte!
Mais, como non!
Comezaremos por respectarte
co gallo de que a terra sempre,
manteña o seu corazón VERDECENTE!

EDI C. C.

